




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Arco Bergantián. Sector: Costa de Malpica. Concello: Malpica de Bergantiños. Parroquia: San Xulián de Malpica de Bergantiños; agás unha mínima esquina ao sudoeste, na que aparece San Tirso de Vilanova de Santiso. Extensión: 1,53 km²

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Paisaxe bidimensional por unha costa de acantilados baixos ou de potencia moderada e con parede tendente á verticalidade, aínda que irregular. Sobre ela, aparece unha extensa planicie, dando así lugar a unha paisaxe convexa pero moi suave. Na praia de Seaia, o areal intermareal dá paso a un conxunto de dunas que ascende pola pequena ladeira, aínda que non a supera cara á superficie plana superior, superficie antiga de aplanamento dos 100/200 m.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Case toda a unidade está composta de xistos e gneises albiticos do Dominio da Fosa Blastomilonítica, de Idade precámbrico-silúrica. Aparecen ortogenises na Punta da Barrosa (e extremo E da unidade) e un dique pegmo-aplítico ao O de Praia de Seaia.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Dominio climático Cálido e Subhúmido caracterizado por valores medios de temperatura superiores a 15° C ao ano e precipitación media anual acumulada entre 1000 mm e 1200 mm. A oscilación térmica varía entre 12,5° C e 13,5° C.

OS SOLOS

Un fluvisol háptico ocupa a parte meridional da unidade, a que ten topografía máis suave. Na proximidade á liña de costa, nas vertentes tamén suaves, aparece un umbrisol dístico, menos desenvolvido.


AS AUGAS

Ausencia de rede fluvial, agás o pequeno val que desauga na praia de Seaia: nos tramos acantilados hai valgadas de escaso desenvolvemento continental. Verte na masa de Augas Costeiras da costa do Cabo Santo Adrián (20133).

O PATRIMONIO NATURAL

Litoral do IBA Costa da Morte. A metade máis costeira da unidade está incluída no LIC Costa da Morte. A matogueira costeira propiamente dita queda limitada ao sector da Punta do Boi, onde aparecen breixeiras secas dos hábitats 4030 e 4040. Ademais dos hábitats 1230 de acantilados costeiros atlánticos e 1210 de vexetación anual sobre refugallos mariños acumulados, localizado en praias de coios e plataformas rochosas, destacan os de duna, grupo 21, no campo eólico da Praia de Seaia. Conta con cita do taxon vulnerable protexido Rumex rupestris.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

Na unidade podemos distinguir varios usos do solo. Nunha primeira franxa moi ampla e pegada á liña de acantilados atopamos formacións vexetais costeiras. Entre eles ábrese paso a fermosa praia de Seaia, que conta cun cordón de dunas asociado. Cara ao interior, resgardados da influencia mariña directa e ocupando practicamente o resto da unidade, atopamos campos de cultivos que alternan cun uso do solo artificial, onde están asentados núcleos de carácter rural tradicional e edificacións illadas, desvinculadas dos usos rural e/ou urbano. Con carácter residual, ao oeste da unidade podemos divisar pequenas áreas con matogueira de substitución e rodais replantados con especies de rápido crecemento. Tamén no centro da unidade, onde empeza o pequeno val que desauga na praia de Seaia, existe un pequeno bosque de recolonización.

MORFOLOXÍA

A práctica totalidade do solo artificial concéntrase ao sudeste da unidade en relación co núcleo de Malpica de Bergantiños. Nel podemos distinguir núcleos tradicionais como o de Pedreiraña, Seaia, Cancela de Areas ou O Pincho, pero todos estruturados de forma lineal a partir da estrada que une a vila de Malpica coa praia de Seaia. Ademais, aproveitando os espazos desocupados e outros camiños secundarios aparecen edificacións illadas e núcleos espontáneos. O parcelario non presenta peches artificiais pero, dada a planitude deste espazo, mantéñense os sistemas de linde tradicionais constituídos na súa maioría por sebes que crecen espontaneamente no límite entre parcelas, creando así unha paisaxe pechada de grande valor etnolóxico. Cara ao interior, resgardados da influencia mariña directa e ocupando practicamente o resto da unidade, atopamos campos de cultivos que alternan cun uso do solo artificial, onde están asentados núcleos de carácter rural tradicional e edificacións illadas, desvinculadas dos usos rural e/ou urbano. Con carácter residual, ao oeste da unidade podemos divisar pequenas áreas con matogueira de substitución e rodais replantados con especies de rápido crecemento. Tamén no centro da unidade, onde empeza o pequeno val que desauga na praia de Seaia, existe un pequeno bosque de recolonización.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A principal vía de comunicación da unidade é a estrada CP-4307, que une Malpica de Bergantiños con Beo. Esta estrada atravesa a unidade polo sur de leste a oeste. Arredor dela e cara á fronte costeira desenvólvese unha serie de camiños secundarios de menor importancia que enlazan os diferentes asentamentos e dan acceso á praia e a toda a fronte costeira.

PATRIMONIO HISTÓRICO

Na presente unidade da paisaxe existen numerosos elementos patrimoniais relacionados coa cultura e as formas de vida tradicionais. Bos exemplos diso son os hórreos e pombais que aparecen repartidos polos núcleos de poboación. Tamén cómpre salientar os elementos arquitectónicos de carácter civil como a casa burguesa de Loureiro ou o Pazo de Sorrio.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

Mantense o carácter rural derivado dunha economía apoiada no sector primario. A estrutura do parcelario e as vías de comunicación distribúen os usos do solo no espazo e agrupan as vivendas arredor das súas marxes. As estradas convértese no instrumento director da unidade xunto cos elementos xeomorfolóxicos e ambientais que delimitan a área de distribución das distintas coberturas. Resulta perceptible a influencia de Malpica no desenvolvemento urbano deste punto da costa, dado que o crecemento se localiza no extremo oriental, alongándose ata unirse e formar parte da periferia funcional da vila.

DINÁMICA DA PAISAXE

Varias son as dinámicas que se dan neste espazo. Por unha parte, o retroceso do espazo cultivado, que dende a década de 1950 se centra no ámbito próximo aos núcleos de poboación, abandonándose así aqueles espazos menos produtivos. Son estes campos abandonados os que na actualidade aparecen ocupados por formacións vexetais costeiras. O sector litoral sofre pequenos cambios, especialmente visibles no cordón de dunas asociado á praia. Sobre el aparece unha rede de sendeiros para facilitar o acceso ao areal, pero que modifican o avance e fixación naturais do cordón. As vías de comunicación crecen en importancia e aparecen novas vías, como a que discorre dende o lugar de Sorriño ata a Ermida de Santo Adrián e polo que discorre a romaxe que se celebra no mes de xuño. Ao tempo que crecen as vías, prodúcese tamén un crecemento da poboación que se distribúe paralela a estes de xeito lineal e modifica a estrutura tradicional do poboamento en aldea.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN

VALORACIÓN DA PAISAXE

En termos xerais, a paisaxe presenta unhas boas condicións de partida. As transformacións experimentadas nos últimos anos, froito do crecemento da poboación, non modificaron en esencia o carácter e a organización espacial da unidade. As características naturais do litoral achegan calidade á escena e valor á paisaxe, tal e como o demostra a súa inclusión dentro da rede de espazos protexidos Rede Natura 2000. Proponse como punto de observación a Punta do Boi, un saliente rochoso no extremo oriental da praia de Seaia dende o que se pode observar tanto a costa como o interior rural dominando polas casas unifamiliares que alternan cun parcelario cerado característico dalgúns puntos do litoral galego.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareales |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



